

C/Marina , nº 52  
Telf: 677 79 1430  
asoprote@gmail.com  
15124 Muxía(A Coruña)



## ACTA DÁ ASAMBLEA ORDINARIA DÁ ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE

A CORUÑA

Celebrase Asamblea Xeral Ordinaria , o Venres 26 de Xaneiro de 2024 sendo as 19:30 horas, en primeira convocatoria sen acadar quorum, e as 20:00 horas en segunda convocatoria ca asistencia de 18 entidades asociadas presentes e 4 por voto delegado.

### Orde do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta da Asamblea anterior.

A secretaria da lectura a Acta da Asamblea anterior que é aprobada por unanimidade.

2. Informe de Tesoreria ano 2023 e aprobación se procede do orzamento 2024.

O tesoreiro presenta as contas do ano 2023, explicando a Asamblea as cantidades que reflexan os ingresos e os gastos.

O informe de tesorería e aprobado por unanimidade.

Asemado dase conta do Orzamento estimado para o ano en curso, aprobándose o mesmo por unanimidade.

3. Informe de Presidencia.

O Sr. Presidente da conta das actividades levadas a cabo son as que se reflexan a continuación,

\*\*15 Xaneiro envíase consulta as Avpc da provincia para que trasladen propostas de adquisición de material para o ano 2024.

\*\*27 Xaneiro ten lugar a Asamblea ordinaria da Asociación provincial.

\*\* 30 de Xaneiro ten lugar unha videoconferencia entre os presidentes das asociacións provinciais para unificar criterios sobre o material a propor de cara a próxima reunión ca DX

\*\* con data 1 de febreiro acudese a reunión convocada pola Dirección xeral co fin de tratar temas sobre a formación e propostas de adquisición de novo material para o ano en curso.

\*\* 4 febreiro invitación pola Aecc a plaza de María Pita para conmemorar o Día Mundial contra el Cancro.

\*\* 24 de febreiro a Asoc. é invitada a presentación do Proxecto Europeo de Protección Civil Covalex na que participa a Universidade da Coruña e no que esta Asociación Provincial está a colaborar.

\*\* 27 de febreiro trasladase a Xunta directiva de esta Asociación a publicación no Doga da oferta formativa do primeiro semestre e que non coincide cos acordos adoptados na reunión do dia 1 de febreiro.e que se insta a que trasladen accións a seguir.

\*\* ese mesmo día os presidentes provinciais comunicanse e acordan redactar unha carta dirixida o conselleiro para dar traslado da disconformidade con determinados temas.

\*\*durante a 1 semana de marzo manteñense reunions cos representantes das Avpc que manifestaron intención de ser sede das Xornadas que terán lugar este ano.

\*\*13 de marzo enviase por sede electrónica carta asinada por tres dos cuatro presidentes provinciais o Sr. conselleiro . Dase lectura a Carta.

\*\* 13 de marzo convocase a Xunta directiva para dar traslado das reunions cas futuribles sedes das Xornadas e acordar a sede definitiva.

\*\*14 marzo mantense reunión con presidente de Avpc Ordes e a presidenta de Avpc de Cerceda co fin de organizar o rallie Terras da Auga.

\*\* As 18:00 horas do martes 14 de marzo ten lugar na sede de Aecc a sinatura do convenio de colaboración entre a Asociacion contra o Cancro e a Asociación Provincial.

\*\*16 marzo reunión dos presidentes provinciais ante as reacciones da carta enviada.

\*\*\*con data 21 de marzo convocase nos a una reunión presencial en la Agasp , co obxecto de analizar a formación, e outros temas como consecuencia do malestar que provoca a carta remitida o conselleiro

\*\*Manteñense varias reunions cas Avpc para facer entrega de mochilas adquiridas pola Asociación, asemade que nos trasladen problemas e suxerencias ( Narón, Zas, Noia, Arteixo, etc)

\*\*31 marzo reunión por videoconferencia ca DX co fin de trasladar especificacións do material acordado para adquisición no ano 2023.

\*\*14 de abril 2023 asinase convenio de colaboración ca Xunta de Galicia como todos os anos

\*\*24 maio recibimos invitación para asistir o Acto da Festividade das Policias locais na Agasp.

\*\*23-24 setiembre Xornadas provinciais en A coruña

\*\*30 setembro 10º aniversario da avpc de mazaricos , a que asisten membros da xunta directiva da asoc.

\*\*2 outubre somos convocados a una reunión ca DX , para valorar a integración en Siproc da funcionalidade de carga de operativos.

\*\*10 outubre convocada a Comisión de Medallas.

\*\* 18 novembro acudimos, previa invitación as Xornadas provinciais de Lugo, este ano con sede en Ribadeo

\*\* 24 novembro reibese invitación da Asoc. Prov de Pontevedra para asistir o acto inaugural de Sedexpo.

\*\*29 novembro, recibimos invitación para asistir o Acto de entrega de medallas e distintivos da UPA.

\*\*15 decembro convocase o pleno da Comisión Galega de Protección Civil, na que este ano corresponde nos a representación.

\*\*mantense a colaboracion ca empresa inaudita de oferta de formación para os voluntarios e voluntarias en situación de desemprego.

\*\*colaboración na impartición de cursos de formación da Agasp para voluntarios e voluntarias de Protección civil.

\*\*Difusion as Avpc de 53 operativos convxuntos , solicitados polas Avpc da provincia

\*\*diversas xestións solicitadas polas avpc en relación a diferentes temáticas

---

#### 4. Rogos e preguntas

- A representante de Avpc Cerceda, solicita explicación de porque se lles solicita pola Xefatura Provincial unha documentación para certificar os Operativos convxuntos, cando eles xa trasladaron a Asociación Provincial os datos. Explicaselle que non ten nada que ver a certificación dos Operativos convxuntos, ca Certificación da presentación de documentación válida para as subvencións.
- Os representantes de varias Avpc presentes trasladan malestar pola obriga de cargar operativos no Siproc.
- Proponse dende varias Avpc presentes a non colaboración por parte da Asociación Provincial cas organizacions dos rallies, por mor da problemática trasladada ano tras ano e as incidencias acaecidas.

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 21:48 horas